

Exercicios con solución de a actividade económica

1. -Indica cales destas afirmacións se refiren a economía positiva ou economía normativa.

- a) O ano 2007 pecha cunha inflación do 3,7%.
- b) O gasto social en Galicia debería aumentar.
- c) A taxa de paro en Galicia é superior nas mulleres.
- d) O euribor no mes de marzo sitúase no 5%.
- d) Deberíase invertir máis en educación.

2. - Sinala os factores produtivos que interveñen na produción de:

Bens e servizos	Terra	Traballo	Capital
Papel			
Ordenadores			
Pan			
Atención sanitaria			

3. -Describe dúas situacións sobre as que debas elixir ante un problema de escaseza e sinala en cada exemplo o custo de oportunidade.

4. - Describe tres necesidades primarias e tres secundarias.

5. - Indica un exemplo no que un coche sexa considerado un ben de consumo, e outro no que sexa un ben de capital.

6. -Describe dúas necesidades primarias actuais que fosen secundarias anteriormente.

7. - Unha empresa cos seus recursos pode producir 300 coches ou 900 motos. Cal é o custo de producir un coche?

8. - Imaxínate un país que só produce dous bens: alimentos e maquinaria. Se ese país utiliza todos os seus recursos produtivos e as distintas combinacións de produción de alimentos e maquinaria é a seguinte:

Combinacións	Toneladas de alimentos	Maquinaria
A	8	0
B	7	5
C	6	10



D	4	16
F	2	20
G	0	25

- a) Representa a fronteira de posibilidades de produción.
- b) Se na actualidade se producen 10 máquinas, cal sería o custo de oportunidade de producir 16 máquinas?
- c) A combinación produtiva de 4 toneladas de alimentos e 20 de maquinaria estaría situada na FPP?
- d) Que podes comentar se se mellora a tecnoloxía utilizada?

9 - Elabora un diagrama do fluxo circular da renda a partir dos seguintes datos:

- a).- Xavier paga 1,90 € por Kg de pan.
- b).- A Xunta de Galicia dá unha subvención de 3.000 € á empresa Larsa.
- c).- Paula gaña 1400 € nunha consultora laboral.
- d).- No mes de xuño todos os axentes privados pagan os seus impostos.

Solución ejercicios de a actividade económica

1. -Indica cales destas afirmacións se refiren a economía positiva ou economía normativa.

- a) O ano 2007 pecha cunha inflación do 3,7%.
- b) O gasto social en Galicia debería aumentar.
- c) A taxa de paro en Galicia é superior nas mulleres.
- d) O euribor no mes de marzo sitúase no 5%.
- d) Deberíase invertir máis en educación.

a -positiva b) - normativa c) -positiva d) - positiva f) - normativa.

Recorda: as proposicións positivas refírense a como é o mundo, as proposicións normativas a como debería de ser.

2. - Sinala os factores produtivos que interveñen na produción de:

Bens e servizos	Terra	Traballo	Capital
Papel	Madeira	Operarios, administrativos	Fábricas de celulosa, maquinaria
Ordenadores	Petróleo, chumbo...	Informáticos	Maquinaria electrónica.
Pan	Trigo, sal ,agua	Agricultores, panadeiros	Amasadoras, fornos
Atención sanitaria	Algodón, plantas, petróleo	Persoal sanitario, de limpeza...	Aparatos sanitarios

3. -Describe dúas situacións sobre as que debas elixir ante un problema de escaseza e sinala en cada exemplo o custo de oportunidade.

1ª situación: Tes que decidir entre ir ao cinema ou comprar un libro, se decides comprar o libro o custo de oportunidade será non ir ao cinema.

2ª situación: O Concello de Santiago de Compostela ten que decidir se construír unha piscina ou unha residencia de día. Se tomase a decisión de construír unha piscina o custo de oportunidade sería non construír unha residencia de día.

4 - Describe tres necesidades primarias e tres secundarias.

Necesidades primarias son todas aquelas que hai que satisfacer para poder exercer plenamente como cidadán.

Sinalaríamos comer, protexerse do frío, durmir; hoxe en día parécennos fundamentais educación ou sanidade.

As necesidades secundarias tenden a aumentar o nivel de satisfacción e o benestar das persoas, un exemplo é trasladarse con certa rapidez (un coche), comunicarse a distancia (teléfono móbil), ocio (cines, teatros, polideportivos. etc...)

5. - Indica un exemplo no que un coche sexa considerado un ben de consumo, e outro no que sexa un ben de capital.

Os bens de consumo son os destinados directamente a satisfacer unha necesidade, se utilizamos o coche para o traslado persoal, ir de vacacións, de compras, etc., é un ben de consumo.

Os bens de capital serven para producir outros bens ou servizos, para unha taxista o coche será un ben de capital.

6.-Describe dúas necesidades primarias actuais que consideres que fosen secundarias anteriormente.

A evolución da nosa sociedade e o desenvolvemento do Estado de Benestar fan que o concepto de necesidades primarias se ampliase á educación ou á sanidade, por exemplo...

7. - Unha empresa cos seus recursos pode producir 300 coches ou 900 motos. Cal é o custo de producir un coche?


O custo de oportunidade dun ben con relación a outro é a medida do que se deixa de consumir ou producir. Deixaríanse 3 motos se decidimos producir un coche máis.

8. - Imaxínate un país que só produce dous bens: alimentos e maquinaria. Se ese país utiliza todos os seus recursos produtivos e as distintas combinacións de produción de alimentos e maquinaria é a seguinte:

Combinacións	Toneladas de alimentos	Maquinaria
A	8	0
B	7	5
C	6	10
D	4	16
F	2	20
G	0	25


- Representa a fronteira de posibilidades de produción.
- Se na actualidade se producen 10 máquinas, cal sería o custo de oportunidade de producir 16 máquinas?
- A combinación produtiva de 4 toneladas de alimentos e 20 de maquinaria estaría situada na FPP?
- Que podes comentar si se mellora a tecnoloxía utilizada?

a).-




b).- O custo de oportunidade sería dúas toneladas de alimento.

c).- Esta combinación sitúase por enriba de FPP, polo cal é inalcanzable cos recursos dispoñibles.






d) A fronteira de posibilidades de produción desprazaríase cara á esquerda; as innovacións tecnolóxicas fan que con estes recurso poidamos producir unha maior cantidade de bens.



9. - Elabora un diagrama do fluxo circular da renda a partir dos seguintes datos:

- a).- Xavier paga 1,90 € por Kg de pan.
- b).- A Xunta de Galicia dá unha subvención de 3.000 € á empresa Larsa.
- c).- Paula gaña 1400 € nunha consultora laboral.
- d).- No mes de xuño todos os axentes privados pagan os seus impostos.





d)

